

HERMINIA PERNAS OROZA

**Esquecidas pola historia:
as mulleres compostelás entre finais
do século XIX e o primeiro tercio do XX**

Premio *XOHANA TORRES* de Investigación 2002

2003
CONCELLO DE SANTIAGO
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice

I. Historia das mulleres. Historia de xénero	9
II. Demografía e estrutura familiar	15
2.1. Evolución demográfica da cidade	15
2.1.1. <i>A corrente migratoria</i>	20
2.2. A estrutura familiar compostelá	28
III. O traballo feminino	35
IV. O ensino	49
V. A outra cara da moeda: a prostitución como medio de vida	61
5.1. Socioloxía da prostitución	62
5.2. A problemática social da prostitución	74
5.2.1. <i>O seu control desde a "Sección de Vigilancia"</i>	77
5.2.2. <i>O seu control desde a "Sección Facultativa"</i>	79
5.2.3. <i>O seu control desde o ámbito relixioso</i>	81
VI. Espacios de sociabilidade	83
6.1. Sociabilidade formal	84
6.1.1. <i>Asociacións católicas</i>	85
6.1.2. <i>Asociacións recreativas</i>	88
6.1.3. <i>Asociacións mutualistas</i>	89
6.2. Sociabilidade informal	90
6.2.1. <i>O paseo</i>	91
6.2.2. <i>Os bailes</i>	92
6.2.3. <i>Outras actividades</i>	93
VII. O asociacionismo	97
7.1. Sindical	98
7.2. Político	101
VIII. Conclusións	105
Bibliografía	109

Capítulo I

Historia das mulleres. Historia de xénero

*...¡Exactamente como si las mujeres no supieran hacer otra cosa que cocinar la harina de avena y barrer una casa!. ¡Cómo si las mujeres no fueran inteligentes! (...)*¹.

Sinalaba M. Nash que unha das aportacións cruciais do século XX, en canto á definición e ó recoñecemento dos novos suxeitos históricos, tiña sido a interpelación das mulleres en torno á exclusión do colectivo feminino da historia². Non en van, nas últimas tres décadas a historia das mulleres demostrou ser un dos temas máis dinámicos da práctica historiográfica. Gracias á mesma as mulleres deixaron de ser “invisibles” na narración histórica para pasar a converterse en suxeito histórico; e como tal, foron obxecto de estudos guiados por unha gran variedade de enfoques, métodos e interpretacións. Desde as primeiras aparicións da muller, trazadas como engadidos á visión androcéntrica da dinámica histórica, pasando por unha explicación victimizadora da súa posición subordinada ó longo do decurrir histórico, chegouse a plantexamentos máis positivos sobre o seu papel no cambio social, que culminaron nos

¹ Extraído de E.P. THOMPSON, *La formación de la clase obrera en Inglaterra*, T. 1, Crítica, Barcelona, 1989, p. 464.

² M. NASH, “Los nuevos sujetos históricos: perspectivas de fin de siglo. Género, identidades y nuevos sujetos históricos” en M. CRUZ ROMEO e ISMAEL SAZ (eds.), *El siglo XX. Historiografía e historia*, Universitat de València, 2002, pp. 85-100.

debates en torno á utilidade do concepto de xénero como ferramenta analítica³.

Ata o século XIX a penas se trataba das mulleres no relato histórico; e as que aparecían eran cáseque sempre mulleres excepcionais, ben fose pola súa beleza, virtude, heroísmo ou ben polas súas intervencións maléficas ou por mor da súa vida licenciosa. Esta “excepcionalidade” indicaba precisamente, que o estado habitual da muller era o do silencio. Pero a emerxencia da historia das mulleres ou dito doutra maneira, da historia das relacións de xénero, provocou un cambio radical nesta situación, ó considerar ó xénero feminino como suxeito da historia e convertelo en obxecto de análise⁴.

Para a Historia Social a Historia das mulleres era asumible en tanto se plantexara como unha variante máis da “historia desde abaixo”, tal e como aconteceu. Considerábase pois, como unha manifestación máis da integración de aspectos considerados triviais pola historiografía tradicional e que tiñan pasado a ocupar un lugar importante na renovación historiográfica que supuxo a Historia Social fronte á Historia Política positivista. O problema xurdiu cando, a partir de finais dos anos sesenta, co rexurdir do feminismo e a incorporación das mulleres á actividade académica, as historiadoras da muller negáronse a continuar sendo un espacio periférico no marco da Historia Social e rexeitaron o lugar que esta Historia lles reservaba. Reclamaban unha “Nova Historia da muller” na que as relacións de xénero ocuparan un lugar central; pero iso supoñía un ataque directo á Historia Social, dedicada en exclusiva á clase social como variable fundamental do análise histórico⁵.

Estas historiadoras pretendían unha relectura feminizante da Historia que, a partir da incorporación das relacións de xénero e mediante

³ M. NASH, “Experiencia y aprendizaje: la formación histórica de los feminismos en España” en *Historia Social*, nº 20, 1994, pp. 151-172.

⁴ Remitímonos a un excelente estado da cuestión sobre os estudos realizados acerca da historia das mulleres en G. GÓMEZ-FERRER MORANT (ed.), *Las relaciones de género. Ayer*, nº 17, Madrid, 1995.

⁵ O propio ERIC HOBBSAWM comprobou “con asombro y vergüenza” que nin no seu ensaio titulado “De la historia social a la historia de la sociedad” nin tampouco en ningún dos restantes que compoñían o libro *Historical Studies Today* (Nueva York, 1972) se contiña referencia algunha á historia das mulleres. “Ni yo ni ninguno de los demás autores del libro, entre los más distinguidos de la profesión -varones todos-, nos dimos cuenta de esta laguna”. E. HOBBSAWM, *Sobre la Historia*, Crítica, Barcelona, 1998, p. 84.

unha reflexión teórica sobre o carácter, a evolución e a experiencia do xénero feminino, fixera posible unha visión máis rica e fiel da reprodución social: do traballo e os procesos productivos, do poder, da cultura e da familia⁶. Tratában en definitiva, de poñer fin á distorsión que provocaba o feito de abordar os asuntos da Historia desde a perspectiva bioloxicista das relacións entre os sexos posto que iso levaba a perpetuar a idea das esferas separadas na elaboración da historia: sexo ou política, familia ou nación, mulleres ou homes. De aí, que comezasen a empregar o termo “xénero” como forma de referirse á organización social das relacións entre sexos, eliminando así as resonancias biolóxicas implícitas na palabra “sexo” e desprazando o concepto cara á acción social ou levándoo ó contexto das estruturas sociais. A cuestión era ante todo, de orde epistemolóxico.

A historia das relacións de xénero é, nas súas orixes, norteamericana (as feministas americanas desexaban insistir na cualidade fundamentalmente social das distincións baseadas no sexo) e intégrase no marco dos denominados *Women's Studies* ou *Gender Studies*, unha institucionalización académica de base feminista e militante na que destaca a liña promovida por J.W. Scott. Trátase, en definitiva, dunha historia que reclama un estudio das mulleres en interrelación co estudio dos homes e non illada en si mesma. Según J.W. Scott a palabra “xénero” parece axustarse á terminoloxía científica das ciencias sociais desmarcándose da política do feminismo posto que inclúe ás mulleres sen nomealas e así, semella non plantexar ameazas críticas. A aplicación de “xénero” é unha faceta do que podería chamarse a búsqueda da lexitimidade académica por parte das estudiosas feministas na década de 1980. Pero isto é só unha faceta: “xénero” como substitución de “mulleres”, emprégase tamén para suxerir que a información sobre as mulleres é necesariamente información sobre os homes, e o seu estudio implica ó outro. N. Zenon Davis comparte a mesma opinión ó suxerir a adopción dun idéntico interese ante a historia das mulleres e a dos homes e tamén, que non debería traballarse soamente sobre o sexo oprimido, do mesmo xeito que un historiador das clases sociais non pode centrarse por enteiro nos campesiños⁷. É dicir, que tanto a “feminidade” como a “masculinidade”

⁶ S.W. SCOTT, *Gender and the politics of history*, Columbia University Press, New York, 1999, pp. 29-34.

⁷ J.W. SCOTT, “El género: una categoría útil para el análisis histórico” en J.S. AMELANG e M. NASH (eds.), *Historia y Género. Las mujeres en la Europa Moderna y Contemporánea*, Alfons El Magnànim, Valencia, 1990, pp. 23-56.